

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 1 de decembro de 2016 pola que se convoca un curso monográfico sobre a planificación estratéxica como método de xestión pública.*

Conforme os fins que lle encomenda a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, a EGAP convoca un curso monográfico sobre A planificación estratéxica como método de xestión pública, conforme as seguintes bases:

#### 1. Obxectivos.

Os obxectivos fundamentais do curso son:

- Analizar os aspectos máis destacados da planificación estratéxica e dirección por obxectivos: conceptos fundamentais e principios.
- Motivar os participantes na reflexión estratéxica para facer fronte aos desafíos do sector público.
- Afondar no coñecemento e manexo das principais ferramentas necesarias para formular e implementar a planificación estratéxica como método de traballo nas organizacións públicas.
- Coñecer algunhas experiencias de planificación estratéxica levadas a cabo na Administración pública.

- Aplicar os coñecementos adquiridos mediante a elaboración dun plan estratéxico.

#### 2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Consideracións sobre a planificación estratéxica na Administración pública.
- O proceso de elaboración dun Plan estratéxico xeral.
- O proceso de elaboración dun Plan operativo anual.



- O sistema de seguimento e avaliación dun Plan operativo anual.
- Experiencias de planificación estratéxica na Administración española.

### 3. Destinatarios.

O curso dirixese aos empregados das administracións públicas de Galicia, autonómica e local, que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

1. Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
2. Grupos I e II do persoal laboral.
4. Desenvolvemento.

O curso terá unha duración de 14 horas lectivas, en horario de mañá e tarde, os días 19 e 20 de xaneiro de 2017.

As clases desenvolveranse na EGAP, rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

5. Número de prazas: 50.
6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula/>.

O prazo para a inscrición estará aberto desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 23.00 horas do día 12 de xaneiro de 2017.

Os/as solicitantes que pertencen á Administración local deberán enviar un correo a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal), adxuntando a certificación acreditativa da súa condición de empregado público da Administración local e do grupo ao que pertence.

Serán excluídas aquelas solicitudes de empregados da Administración local que non acompañen a dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 12 de xaneiro de 2017.



Non é necesario que acheguen a devandita certificación os/as solicitantes que pertencen á Administración autonómica.

Poderá obterse calquera outra información, desde as 8.30 horas ata as 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41-981 54 62 39.

#### 7. Criterios de admisión.

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

#### 8. Publicación da listaxe de admitidos.

A listaxe de seleccionados publicarase na páxina web da EGAP, no punto correspondente a este curso (<http://egap.xunta.gal/>).

#### 9. Modificacións.

A EGAP resérvase a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste curso, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

#### 10. Certificado de asistencia oficial.

Ao final do curso expedirase un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula/>), a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluírá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización do curso, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

